



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 18 DE MARZO DE 2021

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

En Mesía, a 18 de marzo de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO MUNICIPAL 2021 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO



RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO MUNICIPAL 2021 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.

Visto que en sesión plenaria de data 12 de febreiro de 2021 aprobouse inicialmente o orzamento municipal para o ano 2021, así como a plantilla de persoal.

Visto que, de conformidade co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expúxose ao público o expediente, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 31, de data 17 de febreiro de 2021, e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación puideran examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimasen oportunas.

Visto que en data 10/3/2021 presentouse escrito de alegacións por parte de D^a Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera, consonte ao escrito que, de seguido, se transcribe:

“AL PLENO DE LA CORPORACIÓN MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE MESÍA

D^a. Lourdes Pedrazuela Bea (lourdes.pedrazuela@facuso.com), con DNI núm. 50.703.814-S, en representación de la Unión Sindical Obrera (USO), con domicilio en A Coruña, en la Avenida del Ejército, núm. 10 - 1^o C (CP 15006), como mejor proceda en derecho, comparece y dice:

Que ha tenido conocimiento de que en la sesión celebrada el 12/02/2021 el Pleno de esa Corporación aprobó inicialmente el Presupuesto Municipal y el Cuadro de Personal para el ejercicio 2021 (BOP A Coruña núm. 31, de 17/02/2021), y que, por tanto, se encuentra en fase de exposición pública, formulo las siguientes: ALEGACIONES

PRIMERA.- De acuerdo al artículo 162 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Unión Sindical Obrera (USO) reúne la condición de interesado en defensa de sus intereses propios, y está legitimada para la presentación de estas reclamaciones -art. 170.1 c)-

SEGUNDA.- Es oportuno destacar que, tal y como se refleja en el Anexo de Personal, se trata de un cuadro de personal en el que deberán cubrirse definitivamente las pocas plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar algunas de las plazas que están ocupadas por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.

TERCERA.- Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral) de una Administración Local, siendo necesario fomentar la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público y de calidad.



Por todo lo anterior, formulo las presentes ALEGACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2021, por cuanto es necesario cubrir definitivamente las pocas plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar algunas de las plazas que están ocupadas por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.

A Coruña, 10 de marzo de 2021”

Visto o artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece:

“2. Únicamente podrán entablarse reclamacións contra o orzamento:

a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquer outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que esté previsto.”

Resultando que a alegación consiste en diversas valoracións en materia de persoal non fundamentadas en ningún dos motivos de reclamación indicados no citado artigo 170.2, é polo que de conformidade co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por D^a Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera, por non fundamentarse en ningún dos supostos indicados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2021, e a plantilla de persoal, procedendo á súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP.

TERCEIRO: Remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Notificar o presente acordo á alegante aos efectos oportunos.

En Mesía, na data da sinatura electrónica.O alcalde,Asdo./D. Mariano Iglesias Castro. ”

Manifesta o Sr. Alcalde que indistintamente da opinión que nos merezan a cadaquén as consideracións que expón a alegación, non está fundamentada en ningún dos supostos que esixe a lei para presentar reclamacións ao orzamento. En todo caso, en canto ás prazas vacantes, non tería moito sentido cubrir as dúas prazas de socorristas que son só para dous meses de verán, tampouco o monitor que se prevé só de reforzo para actividades en verán nin o tractorista, tamén de reforzo por si fose necesario, para as épocas de desbroce. Tampouco temos ningunha praza de persoal laboral que teña que estar funcionarizada. En canto á



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000003

estabilización, precisamente a plantilla fai moito tempo que non flutúa, e, en canto á consolidación, tendo en conta que o 80% da plantilla está subvencionada, non parece sostible. En canto á calidade, un dos logros deste equipo de goberno é prestar un servizo público de calidade aos nosos veciños, tal como merecen. Paso a palabra aos demais grupos municipais.

Toma a palabra a Sra. Louro, manifestando que somos conscientes da importancia da creación de emprego estable. En todo caso, reiteramos a nosa abstención.

Toma a palabra o Sr. López, manifestando que aquí non se está a falar de cumprir ou non a lei, senón de cuestións que fan debate, que non haxa discriminación dunha persoa respecto doutra. Tamén sería bo que houbera listas por méritos e se accedera aos postos pola orde desas listas como sucede noutras administracións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que cumprimos escrupulosamente a lei en materia de acceso aos distintos postos que se poidan ofertar, cun baremo de méritos, non habendo casos de discriminación na plantilla, senón todo o contrario, xa que, por exemplo, neste orzamento recordarán que comentamos que adecuouse o salario dun peón ao doutro que realizaba as mesmas funcións.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por seis votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e dous abstencións, correspondentes aos concelleiros presentes do PP e do BNG.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.